



Chega a Semana Cultural máis completa

**Xoves,
24 de agosto.**

11:00 a 19:00 horas. Excursión ao **Aquapark** de Cerceda. Participantes a partir de oito anos e empadroados/as en Oroso. Inscripción do 8 ao 22 de agosto no Centro Cultural. Prazas limitadas.

Venres, 25 de agosto.

15:30 horas. Roteiro guiado polo **Camiño Inglés** entre Ponte Pereira e Ponte Sigüeiro (10 km). Dificultade baixa. Desprazamento en bus ata o punto de partida. Inscripcións no Centro Cultural.

Actuacións musicais na Praza de Isaac Díaz Pardo. **22:00 horas.** Asociación Cultural Amigos do Acordeón de Sigüeiro-Oroso. **23:30 horas.** Grupo Pacífico.

Luns, 28 de agosto.

19:30 horas. Aéreos Kanbahiota co espectáculo 'Vaya Circo' no exterior da piscina. Todos os públicos.

Martes, 29 de agosto.

19:30 horas. Popín Palomero no exterior da piscina. Todos os públicos.

Mércores,

30 de agosto.

19:30 horas. Traspediante con 'Up 2 down', **danza e circo** no exterior da piscina. Todos os públicos.

Xoves, 31 de agosto.

11:00 a 13:00 horas e 16:00 a 18:30 horas. In-chables na piscina.

19:00 horas. Festa da Escuma. Para maiores de catro anos.

A entrada á piscina nesta xornada será gratuíta.

21:45 horas. Observación astronómica no exterior da piscina.

**Venres,
1 de setembro.**

11:00 horas. Xincana no exterior da piscina. Para nenos e nenas de seis anos en adiante. Inscripcións no Centro Cultural do 11 ao 24 de agosto.

19:30 horas. Concer-to Mamá Cabra no exterior da piscina. Público familiar.

Luns, 4 de setembro.

12:00 a 12:45 horas. Idades de 3 a 5 anos. **13:00 a 13:45 horas.** Maiores de 9 anos.

Obradoiro 'O Sistema Solar' na Praza de Isaac Díaz Pardo.

16:30 a 19:30 horas.

Karaoke, touro mecánico, táboa de surf, máquina de flocos de millo, inchable de fútbolín humano e obradoiro. No exterior da piscina. Todos os públicos.

**Martes,
5 de setembro.**

12:00 a 12:45 horas. De 6 a 8 anos. **Obradoi-**

ro 'O sistema solar'. 13:00 a 13:45 horas. Maiores de 9 anos. **Obradoiro 'Bóldos e meteoritos'.** Na Praza de Isaac Díaz Pardo.

22:00 horas. Noite de **cine ao aire libre.** 'O Apóstolo'. Praza Isaac Díaz Pardo. Maiores de 7 anos.

**Mércores,
6 de setembro.**

12:00 a 12:45 horas.

De 6 a 8 anos. **Obradoiro 'Bóldos e meteoritos'.**

13:00 a 13:45 horas. Maiores de 9 anos. **Obradoiro 'As estrelas'.** Praza de Isaac Díaz Pardo.

19:30 horas. Maxia a cargo de Kiko Pastur no exterior da piscina. Todos os públicos.

**Xoves,
7 de setembro.**

19:30 horas. Lucecús **Teatro** con 'PingüiSOS' no exterior da piscina. Público familiar.

**Venres,
8 de setembro.**



21:00 horas. Concer-to Gallaecia Eventos con 'The Lollipops & Piano'. Na Praza de Isaac Díaz Pardo. Todos os públicos.

**Sábado,
9 de setembro.**

12:00 horas. Inauguración do Certame Internacional **Góis Oroso Arte.**

13.00 horas. Festival Folclórico no Parque do Carboeiro.

Se chove, diversas actividades no exterior poderían trasladarse a cuberto. Consultar coa organización no 981 69 09 03 e www.oroso.gal





O Concello investirá en obras 500.000 euros do superávit de 2016

O Concello utilizará 500.000 euros do remanente líquido de tesourería do exercicio 2016 para investir en seis proxectos de obras. A modificación orzamentaria precisa para esta medida xa foi aprobada no pleno, por unanimidade dos presentes.

O principal proxecto que se financia con esta modificación orzamentaria, polo seu importe económico, é a dotación do servizo de saneamento entre Os Carballos e Vilar de Arriba, na parroquia de Deixebre. Esta intervención está orzamentada en 190.000 euros. Tamén se contempla a reparación da pista que vai desde O Cachopal ata a igrexa de San Mamede, na parroquia dos Ánxeles, cun investimento de 130.000 euros, máis a reurbanización da Rúa de Ourense, en Sigüeiro, á que se destinarán 100.000 euros.

Outras tres actuacións que se acometerán neste grupo de proxectos serán a dotación de alumeadado na senda peonil na Fálmega e no Piñeirón, por importe de 30.000 euros; a instalación dunha bomba de presión hidráulica en Vilar de Arriba, orzamentada en 25.000 euros; e a instalación de céspede artificial na zona do parque infantil do Carboeiro, en Sigüeiro, para a que se reservan outros 25.000 euros.

O alcalde, Manuel Mirás, afirma que "grazas á boa xestión feita polo goberno municipal nos últimos anos podemos manter e ampliar servizos para a poboación e ademais acometer obras de moito interese para todo o municipio". O rexedor explica que o remanente líquido de tesourería do ano pasado ascendeu a case 590.000 euros e que estes 500.000 que agora se destinan a obras conforman investimentos financeiramente sostibles, polo que se cumpre a lei de estabilidade orzamentaria.



A reurbanización da Rúa de Ourense é un dos proxectos que se financiarán grazas ao superávit do ano pasado

Novo parque en Vilarromariz e melloras no de Díaz Pardo

O Concello acomete novos investimentos para mellorar os parques infantís xa existentes e dotar todas as parroquias deste tipo de equipamentos.

Nesta iniciativa, unha das novas intervencións máis destacadas é a construción dun parque infantil na parroquia de Vilarromariz, situado nas inmediacións da igrexa parroquial.

Ademais, destaca a remodelación do parque próximo á Praza de Díaz Pardo, en Sigüeiro, que verá mellorada a súa superficie.

Propostas do Concello para mellorar os servizos de transporte público



Reunión de Ames, Santiago, Teo, Oroso e Brión para consensuar unha estratexia común sobre transporte

Oroso aspira a introducir dúas grandes melloras no novo plan de transporte metropolitano. Por unha parte, reforzar o traballo conxunto con Santiago para que os autobuses que veñan á zona norte compostelá poidan cruzar o Tambre e chegar ao centro de Sigüeiro, cando a normativa legal o permita. O alcalde, Manuel Mirás, explica que sería un mellor servizo para Oroso e á vez as liñas de Santiago mellorarían a súa rendibilidade. Por outra parte, estudarase levar o transporte ás parroquias de Oroso. Un estudo determinará se poderán ser liñas regulares ou se habilita un servizo baixo demanda.

Posta a punto dos colexios para o novo curso escolar

As vacacións do verán son a época elixida polo Concello para efectuar diversas reparacións e mantemento nos centros escolares. O investimento aproxímase aos 6.000 euros.

As melloras benefician o CEIP de Sigüeiro e as escolas de Vilacide, Senra e Deixebre. Repáranse elementos como canalóns, tellados, fiestras ou portas para evitar humidades ou a entrada do frío.

Tamén hai intervencións nos solos interiores e nos accesos e renovación de equipamentos.



A presión de Oroso obriga ao Ministerio de Fomento a abrir o enlace sur da AP-9



Concentración en Sigüeiro no serán do 28 de xullo con motivo da apertura do enlace sur da AP-9

A presión exercida polo Concello de Oroso co apoio da veciñanza e do tecido asociativo do municipio obrigou ao Ministerio de Fomento a abrir por fin o enlace sur da AP-9 en Sigüeiro. Fíxoo na tarde do 28 de xullo, poucas horas antes da manifestación prevista para demandar a posta en servizo inmediata do novo acceso.

Foi a convocatoria desa protesta por parte do Concello, así como doutra en Santiago cadrando coa visita do ministro Íñigo de la Serna, o que acelerou os acontecementos. Máis de dous meses despois de rematar as obras, Fomento movíase por fin para abrir o enlace.

O Concello cancelou a manifestación en Santiago e mantivo a concentración en Sigüeiro, que reuniu unhas dúascentas persoas. Este acto serviu á vez para celebrar a consecución dunha infraestrutura vital para o futuro de Oroso e para explicar os desatinos que Fomento cometeu co proxecto ao longo dos últimos anos.

O alcalde, Manuel Mirás, deixou claro que "se non fose porque convocamos as manifestacións desde o Concello, Fomento aínda taría pechado o enlace sur". O rexedor califica como "tomadura de pelo" e "paripé" o com-

portamento do Ministerio con Oroso.

Mirás repasou ademais o proceso de xestión e execución do proxecto do enlace sur. Lembrou que el foi o primeiro en pedilo desde o Concello, xa en 2002. E relatou as dificultades e atrancos que foron poñendo os sucesivos titulares de Fomento, entre eles Magdalena Álvarez, ata a chegada do galego Xosé Blanco ao cargo.

Blanco fixo avanzar o proxecto, ata ser aprobado no mes de novembro de 2011, no derradeiro Consello de Ministros do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero dentro dun conxunto de obras para a ampliación da AP-9.

Foi o posterior paso de Ana Pastor por Fomento o que mantivo o proxecto paralizado ata marzo de 2015. Os traballos detivéronse aos poucos meses, en outubro dese mesmo ano. E aínda que a ministra prometía que no rema-

te do ano estarían acabadas, o certo é que non se retomaron ata xuño de 2016. Pero só foi durante tres días, volvendo quedar paradas sen ningún tipo de explicación formal.

Máis tarde, Fomento alega que un trámite administrativo impide que a obra avance, aínda que considera que na segunda metade de 2016 o novo acceso podería quedar rematado. Pero non é ata o mes de xaneiro deste ano 2017 cando se logran resolver os problemas burocráticos no Ministerio, deixando a obra rematada o 23 de maio pero sen abrir ata o 28 de xullo.

Por estas razóns, o alcalde de Oroso anunciou que o Concello efectuará un recoñecemento público a Xosé Blanco e que propondrá que tanto Magdalena Álvarez como Ana Pastor sexan declaradas persoas non gratas no municipio.



Unha peaxe abusiva que o Concello rexeita

Coa posta en servizo do novo enlace, comprobouse que AUDASA, a concesionaria da AP-9, cobra o traxecto entre Sigüeiro e Santiago a 1,60 euros. Este importe conta co rexeitamento da veciñanza de Oroso desde o primeiro momento. Ás poucas horas de coñecerse, un grupo de persoas xa exhibiron pancartas de protesta na concentración municipal para reivindicar a gratuidade. O alcalde tamén califica de "abusiva" a peaxe e anunciou que tratará de negociar bonificacións co ministro De la Serna.



A campaña 'Eu si que o fago' acode aos parques para concienciar a poboación sobre a importancia de recoller os excrementos das mascotas

A campaña 'Eu si que o fago' chega aos parques e rúas de Oroso. Esta iniciativa do Concello para concienciar a poboación na importancia de recoller da vía pública os excrementos das mascotas ten por obxectivo acadar "entre todos un municipio moito máis limpo", tal como explica o concelleiro de Urbanismo, Antonio Leira.

Na nova fase da campaña, persoal de Protección Civil, voluntariado do Concello e o propio concelleiro repartiron dípticos informativos e unidades do ecopoop entre donos de cans. Este sistema, pioneiro en Galicia, serve para recoller as deposicións de maneira sinxela e ecolóxica, ao tratarse dun recipiente de cartón que se pode utilizar cunha soa man e con total hixiene. Os ecopoops están dispoñibles de balde no Concello e nas dependencias da Policía Local.

'Eu si que o fago' xa levara as súas iniciativas ao alumnado de cuarto e quinto de primaria dos CEIP de Sigüeiro e do Camiño Inglés. Agora, acode directamente ás persoas propietarias de mascotas, con visitas aos parques do Río Carboeiro, do Portiño e da urbanización Porto Avieira. A acollida da campaña está sendo moi positiva e "a xente coincide na necesidade de que todos colaboren en evitar que as defecacións dos cans manchen as nosas rúas e zonas de ocio", declara Antonio Leira, á vez que incide na importancia de asentarmos hábitos que manteñan limpos os espazos de uso colectivo.



Persoal de Protección Civil e voluntariado implicáanse na campaña co reparto de ecopoops entre donos de mascotas



Un campus para formar mellores persoas



O IV Campus de Verán Oroso Fundación Celta reuniu 45 nenos e nenas. Durante un mes, aprenderon técnica futbolística e ademais participaron en numerosas actividades lúdicas e formativas. Na clausura participaron o alcalde de Oroso, Manuel Mirás, e o coordinador das escolas do Celta, Diego Sarabia, entre outros. Destacaron o valor da iniciativa para formar persoas a través do deporte.



200 persoas nos cursos de natación

Case 200 persoas (180 nenos e nenas e 15 adultas) participaron nos cursos de natación que o Concello desenvolveu na piscina municipal durante o mes de xullo. O alcalde, Manuel Mirás, e os concelleiros María del Carmen Liste e Antonio Leira entregaron os diplomas aos participantes na xornada de clausura.

